

CUADRANTE



UN HOME DO XIX:

DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN BERMÚDEZ

UN HOMBRE DEL XIX:

DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN BERMÚDEZ

Nº 1

Los Amigos
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa

CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

Un home do XIX: don Ramón del Valle-Inclán Bermúdez
Un hombre del XIX: don Ramón del Valle-Inclán Bermúdez

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Director:

Gonzalo Allegue

Consello de Redacción:

Ramón Torrado López

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

José María Leal Bóveda

Francisco Charlín Pérez

Xaquín Núñez Sabarís

Secretaría de Redacción:

Carmen Charlín Pérez

Redacción e Administración:

Casa da Cultura, Vilanova de Arousa.

Apartado de Correos nº 66

Secretario de Administración:

Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Marcela Santórum (págs. 30, 70, 73)

Eugenio de la Iglesia (Cabeceras de capítulos)

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Presentación.páx. 5

X. L. Axeitos

“Un adverbio moi expresivo”.páx. 7

Gonzalo Allegue:

“¿Quién fue don Ramón del Valle Bermúdez?”.páx. 12

Xosé Manuel Cerviño:

“Notas literario-etnográficas arredor da Arousa de Valle Bermúdez”.pax. 22

Alfonso Mato:

“Relacións entre Manuel Murguía e Ramón del Valle-Inclán Bermúdez”.pax. 29

Xaquín Núñez Sabarís.:

“Os textos de Ramón del Valle Bermúdez. Reseña e análise”.pax. 33

Francisco Charlín Pérez e

Anselmo Menéndez Villalva:

“O ferrocarril compostelano e Ramón del Valle Bermúdez”.pax. 44

Víctor Viana.:

“Valle Bermúdez y el 68”.pax. 58

Xosé Lois Vila Fariña:

“Valle Bermúdez, político municipal”.pax. 65

Elisardo Barreiro:

“Ramón del Valle”.pax. 71

Antologíapax. 73



OS TEXTOS DE RAMÓN DEL VALLE BERMÚDEZ. RESEÑA E ANÁLISE

Xaquín Núñez Sabarís

Don Ramón del Valle Bermúdez non só tivo como mérito máis salientable ser o proxenitor dun dos escritores máis louvados do século XX nas letras hispanas senón que tamén, deixou un considerable legado tanto no eido xornalístico como no cultural. O seu labor como xornalista foi fecundo na segunda metade do século XIX como o pon de manifesto o feito de que fose o fundador e director do xornal *La Voz de Arosa*,¹ membro da redacción de varios xornais como *El País Gallego*² e as distintas colaboracións que asinou en diferentes publicacións e que reflicten a súa participación no mundo intelectual galego de fin de século. Froito deste seu interese polas letras xorde a súa actividade como literato ademais do teceamento dunha importante rede de amizades coas personalidades máis sólidas do ambiente literario e intelectual da época, aspecto este que á postre sería moi importante na vida literaria do seu fillo Ramón del Valle-Inclán. Na biblioteca e tertulia dos irmáns Muruáis o

xove Ramón del Valle Peña tivo acceso a toda a literatura finisecular europea do momento que tanta incidencia tería nas súas primeiras narracións.³ Respecto á importancia de Murguía, a ningún se lle escapa o feito de que foi o polígrafo coruñés quen prologou o primeiro libro de Valle-Inclán, *Femeninas*, gracias á amizade que o unía co seu proxenitor como se explicita no propio prefacio⁴:

*Más ¿cómo callar en líneas escritas al
frente del libro del hijo, la grande estre-
cha amistad que nos unió á su padre?
Como no recordar al escritor y poeta inta-
chable, al alma pura, al íntegro carácter*

³ É moito o que se escribiu a propósito deste tema pero xa no seu momento, Said Armesto falou da débeda que os primeiros textos do autor gardan coa literatura finisecular. Víctor Said Armesto, *Un libro modernista: Femeninas de Valle-Inclán; Análisis y ensayos*, Pontevedra, Carragal, 1897.

En canto á crítica moderna Emilio González López, entre outros moitos, tamén fai fincapé neste aspecto. Emilio González López, *Los cuentos de Valle-Inclán: su evolución; del decadentismo al simbolismo* en Clara Luisa Barbeito (ed.), *Valle-Inclán: Nueva valoración de su obra* (Estudios críticos en el cincuentenario de su muerte); Barcelona, Promociones y Publicaciones Universitarias, 1988.

⁴ Recentemente publicouse a correspondencia de Ramón del Valle Bermúdez e Ramón del Valle-Inclán con Murguía que pón de manifesto esta relación amistosa. *Cartas eruditas e literarias a Murguía. Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez. Ramón del Valle-Inclán y Peña*, Sada, Edicións do Castro, 2000.

¹ Malia que non se conservaba ningunha testemuña deste xornal, recentemente achouse o encabezaemento do número: *La Voz de Arosa*. Periódico Bisemanal de Intereses Generales, Ano II, nº 93, sábado 1-IV-1882.

² Esta noticia recóllese no propio xornal o 16 de xaneiro de 1890.

LA VOZ DE ARUSA.

PERIÓDICO BISEMANAL DE INTERESES GENERALES.

AÑO II.

SUSCRIPCION.
En toda la comarca..... Trimestre, 1'20.
En los demás pueblos..... » 1'25.

CORRESPONDENCIA.
Al Director.—Villagarcía.
Anuncios y comunicados á precios convencionales.

NÚM. 93.

SE PUBLICA LOS MIÉRCOLES Y SABADOS.



EL SEÑOR

D. FRANCISCO DE LA PEÑA CARRERO

HA FALLECIDO

en Villanueva el día 31 de Marzo á las nueve y media de la noche.

R. I. P.

Su viuda D.^a Josefa Montenegro y Saiz con hijos D. José y D. María.

hijos políticos D. Ramon del Valle y D.^a Perégrina González nietos, hermana,
hermanos políticos, sobrinos, y demás parientes

Suplican á sus amigos se sirvan encomendarlo á Dios y asistir á sus
funerales, el martes 4 del actual á las diez de la mañana en la iglesia pa-
troquial de dicha villa, en lo que recibirán especial favor.

NO SE RECIBE DUELO.

— 40 —

al paso hacia Salamanca. El conde D. Sandias cabala-
gaba entre sus dos sobrinos, sujetas las riendas al ar-
zon de la silla, cabe su mano izquierda; y pendia in-
móvil su diestra por el otro lado. Hubiérase dicho
que vivía aun.

Noticiaron á Bernardo que se acercaba su padre,
montó á caballo para correrle su encuentro, y mien-
tras seguía su camino, ignorante como estaba de la
muerte del desdichado, procuraba representarse en
su imaginación la figura del anciano tal como debía
estar, y se disponía á decirle mil y mil cosas que se
ajitaban en lo mas profundo de su pecho. Anochece-
ya cuando avistó la comitiva. Salta en el mismo ins-
tante de la silla, corre gozoso hacia el anciano caba-
llero, se apodera de su diestra, y la lleva á los labios
con respeto; pero cuando sintió sobre su boca esa
mano helada, cuando habiendo mirado al anciano,
vió impreso en su faz venerable el sello de la muerte
eterna, entonces fué presa de un dolor horrible,
de un dolor que en vano intentaríamos pintar. A pe-

— 37 —

—Señor, replicó Bernardo, un caballero pobre y gus-
mas en la guerra que en la paz.

—Os repito de nuevo, replicó el rey, que deseo
haya paz entre nosotros. Para ello vos me daréis el
castillo del Carpio, y yo por mi parte os daré á vues-
tro padre.

—Plega á Dios que así sea.»

Partieron sobre la marcha los condes don Arias
Godos y don Teobaldo, con un caballero del partido
de Bernardo, que debía entregarles el castillo del Car-
pio; y los condes don Velasco Meléndez y don Suero
Velazquez fueron á buscar al de Saldaña, acompaña-
dos de un mensajero del rey. Pero poned atención en
lo que sigue:

Los primeros años de su prision, el conde D. San-
dias los había soportado con la firmeza propia de un
noble; tanto mas, cuanto que alimentaba la esperan-
za de que llegaría el día en que, á olvido de su
falta al Rey D. Alfonso el Casto, ú obtenido el perdón
por medio de su hijo, recobraría la libertad. Recibia

*á aquél que levou el mismo nombre y apellido que nuestro autor y fué tan digno de la estimación en que le tuvimos siempre y con la que nos correspondía? Aún fué ayer, cuando con el pie en el sepulcro, nos tendió por última vez su mano y hablamos de las cosas que de tanto tiempo atrás, nos eran queridas, —la patria gallega y la poesía que había encantado sus horas solitarias.*⁵

O propio Murguía salienta a devoción literaria de Valle Bermúdez da cal foron testemuñas os lectores do segundo tercio do século XIX. Mais este non foi o único motivo temático que cultivou nos seus artigos diseminados polos distintos xornais do momento⁶. A primeira colaboración coñecida data de 1863 no xornal compostelano *La Opinión Pública*⁷.

⁵ Ramón del Valle-Inclán, *Femeninas*, Pontevedra, Imprenta de Landín, 1895, pp. XX-XXI.

A noticia do pasamento de don Ramón del Valle Bermúdez á que se fai alusión neste fragmento foi recollida polo xornal *El País Gallego* o 16 de xaneiro de 1890. Este dato tamén se pode ler no Catálogo da Exposición da Universidade de Santiago de Compostela, *Don Ramón del Valle-Inclán (1866-1898)*, vol I, p. 25

⁶ Utilízase a recensión que destes artigos realiza Xaquín del Valle-Inclán Alsina na súa introducción ó libro antes citado, *Cartas eruditas e literarias a Murguía...* O cómputo total é o seguinte:

S/t, *La Opinión Pública*, ano I, nº 8, 26-VIII-1863.

La Oración. Cuadro de costumbres marítimas, Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del País, Lugo, Imprenta de Soto Freire Editor, 1865, pp. 54-55.

Á la ría de Arosa, álbum de las composiciones premiadas en los Juegos Florales celebrados en la ciudad de Santiago en julio de 1875, Santiago de Compostela, Establecimiento tipográfico de El Diario, 1877, pp. 51-57.

“Villagarcía”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, Tomo II, nº1, 8-I-1880.

S/t, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Tomo III, nº 29, 18-X-1881.

*nión Pública*⁷. É un artigo sen título que mostra as opinións do autor sobre a administración pública municipal. Resulta ser unha invectiva contra a maioría dos rexidores municipais: alcaldes e secretarios. Cifra os vicios dos primeiros no desamparo ó que someten ós cidadáns e no uso que fan en proveito propio dos bens públicos, sinala a súa inxustiza no trato cos disidentes e a prevaricación no concernente á administración económica como os dous principais abusos. Afirmar que os principais aliados destes son os secretarios que desde a súa posición de funcionarios exercen a miúdo unha influencia insana sobre os principais rectores dos organismos municipais.

A segunda publicación encóntrase no *Almanaque de Galicia*⁸ que publicaba o editor lucense Soto Freire. Seguramente este artigo foi de novo o resultado da súa amizade con Murguía quen tivo unha ampla relación co editor Soto Freire pois o escritor coruñés será o encargado de realizar a sección de “Efemérides” neste número do *Almanaque*⁹, ademais é na propia editorial onde

“Ante la tumba de Méndez Núñez”, *El Anunciador*, Pontevedra, 18-VIII-1884.

“Tambo”, *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 2, 3-V-1886.

“Fué un convento”, *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 48, 28-VI-1886.

“El castillo de Lobeira”, *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 93, 23 VIII-1886 e ano I, nº 95, 25-VIII-1886.

⁷ *La Opinión Pública*, Santiago de Compostela, ano I, nº 8, 26-VIII-1863.

⁸ *Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del País*, Lugo, Imprenta de Soto Freire Editor, 1865, pp. 54-55.

⁹ Op. cit., p. 3-7.

comezará a publicar por entregas o tomo I e II da súa Historia de Galicia¹⁰. Constatase tamén que a relación de Valle Bermúdez con Soto Freire sobreviviú a este ano de 1865 como así o pón de manifesto Xaquín del Valle-Inclán Alsina quen afirma que o escritor arousán recibiu unha solicitude do editor para colaborar no xornal lucense *El Gallego*¹¹. E da lectura do epistolario de don Ramón del Valle a Murguía¹² tamén se extrae a noticia do ofrecemento para seguir colaborando neste Almanaque de Galicia pero a realidade é que só se coñece, ata o momento, a única participación no número de 1865.

O artigo titúlase “La oración (Cuadro de costumbres marítimas)” e como perfectamente se indica no seu subtítulo é un cadro de costumes. Comeza cunha exaltación á beleza da ría de Arousa (motivo que será recorrente en moitos dos seus textos) para intercalar a continuación uns párrafos de denuncia social onde contrasta tal beleza coa dureza que decora a vida da poboación mariñeira. É o marco onde inserta o cadro que cubre a maior parte do artigo: describe a escena que se vive unha tarde do mes de agosto nas costas arousáns do Barbanza e que relata a chegada dun mariñeiro nunha dorna e como a súa muller o vai esperar acompañada do vástago de ambos. En todo momento o autor incide no lirismo e na ternu-

ra que envolve a acción pois expón que a soidade do mar non inculca a falta de sensibilidade familiar nos mariñeiros. Se se dixo que era un cadro de costumes é porque o autor subliña o seu carácter arquetípico, máis lonxe do poder anecdótico e singulativo da escena: “Terminada esta escena, que mas (sic) de una vez ha iluminado con su luz la luna, se retiran aquellas gentes á sus hogares”¹³. Finalmente non desaproveita a ocasión para brindarlle unha homenaxe á terra sobre a que escribe e inserta unha cantiga popular en galego como colofón do texto:

*Vente ventiño do mar
Vente ventiño mareiro,
Non me fagas esperar
Traeme ó meu compañeiro*¹⁴.

O primeiro texto de índole literaria deste elenco de artigos¹⁵ é un texto datado en Vilanova de Arousa o 8 de xullo de 1875 e que foi premiado nos Xogos Florais celebrados en Santiago nese mesmo ano malia que non foi publicado ata 1877, data na que se edita o álbum destes Xogos¹⁶. Trátase dun poema que leva por título “A la ría de

Tamén conta este número con varios artigos da muller de Murguía, a poetisa Rosalía de Castro: “El cadiceño”, p.37, “Las literatas”, p. 56 e “Poesía”, p. 73.

¹⁰ Cfr. Cartas eruditas e literarias..., p. 26.

¹¹ Ibid., p. 14.

¹² Ibid., cartas 1, 7 e 8.

¹³ Almanaque de Galicia..., op. cit., p. 55

¹⁴ Ibid., p. 55.

¹⁵ O Catálogo da exposición da Universidade de Santiago de Compostela *Don Ramón del Valle-Inclán (1866-1898)* reproduce parcialmente un poema de don Ramón del Valle Bermúdez titulado “Ildaura”. Op. cit., p., vol. I, p. 38. Tamén Xaquín del Valle-Inclán Alsina da conta desta reprodución, op. cit., p. 16. Debido á parcialidade e ilexibilidade desta composición, non se tivo en conta para o presente estudio.

¹⁶ *Álbum de las composiciones premiadas en los Juegos Florales celebrados en la ciudad de Santiago en julio de 1875*, Santiago de Compostela, Establecimiento tipográfico de El Diario, 1877, pp. 51-57.

Arosa” e como se pode extraer do seu encabezamento continúa coa temática arousana iniciada no artigo anterior. A composición vai encabezada por unha estrofa do poeta luso Camões moi acorde coa temática que imperará no poema.

É un romance de versos octosílabos onde riman en asonancia os impares e está composto dunha estrutura circular xa que os versos que abren e pechan o artigo fan alusión, nunha estrutura de carácter metafórico, ás ás dos céfiros e da brisa onde viaxa a memoria evocativa do eu lírico. Inicia exhortando ás “memorias dulcísimas” que o transporten “A las riberas tranquilas/ Que besan las mansas olas/ De la reina de las rias”¹⁷ para finalizar co ofrecemento do envío, ás ditas rías, da memoria do eu lírico “En las alas de la brisa”¹⁸. Polo tanto a ría oficia neste texto como obxecto da descripción e ó mesmo tempo destinatario das palabras sentidas do suxeito da composición¹⁹.

No medio desta estrutura circular achamos de novo unha evocación lírica da beleza da ría de Arousa e do seu alrredor. Non está exenta esta composición poética de interesantes estruturas literarias como a imaxe cromática das praias arousáns: “Playas de oro y esmeralda”²⁰. E como non podía ser doutro xeito o percorrido pola paisaxe arousán

tamén se tingue de motivos xeográficos do entorno da ría os cales se citan no poema: a península do Barbanza, o pico da Curota e os ríos Umia e Ulla.

Se o texto anterior inaugurou a publicación de escritos literarios o presente inaugura os artigos de carácter histórico. Data do ano 1880 e é un artigo que viu a luz no xornal *La Ilustración Gallega y Asturiana*²¹. Titúlase “Villagarcía” e insiste na temática arousana aínda que don Ramón del Valle abandona o lirismo para centrarse no artigo de investigación histórica²². Fai un percorrido pola orixe da vila afirmando que no inicio só había un pequeno pobo chamado Arealonga debido ó amplo areal da praia²³. Posteriormente este teritorio foi doado por Afonso VI ó mosteiro de San Martiño de Pino para pasar —“no sabemos cómo” en palabras do autor— á dignidade arcebispal, mais os prelados composteláns farían unha nova cesión, esta vez á familia dos Caaños. Cifra o cambio do nome de Arealonga a Vilagarcía o 12 de maio de 1441, na “Carta Puebla otorgada diez y siete años antes á los moradores de Arealonga, por la cual, dando á este lugar la denominación de Vilagarcía (...)”²⁴.

²¹ “Villagarcía”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, Tomo II, nº 1, 8 - I - 1880. Xaquín del Valle-Inclán Alsina equivócase dando a data do 7 de xaneiro en vez da do 8 de xaneiro de 1880, op. cit., p. 17.

²² Na correspondencia do escritor con Murguía advírtese como os achazgos relativos á investigación arqueolóxica e histórica están nas conversas entre ambos. Op. cit., pp. 37-65.

²³ Hoxe en día unha das parroquias do municipio de Vilagarcía de Arousa chámase Santa Eulalia de Arealonga.

²⁴ Op. cit., p. 3.

¹⁷ Ibid., p. 53, v. 2-8.

¹⁸ Ibid., p. 57, v. 72.

¹⁹ Durante todo o texto é recorrente o uso da segunda persoa de singular para designar á ría de Arousa. En moitos momentos a ría pasa de ser o obxecto pasivo que se describe a se-lo vocativo ó que se dirixe o eu lírico.

²⁰ Op. cit., p. 54, v. 25.

A comunidade de monxes Benedictinos de San Martiño de Santiago de Compostela foi a primeira en disputar-lle o señorío da vila ós señores de Caamaño; froito desta pugna produciuse a cesión ó mosteiro por parte de don García Caamaño do señorío e xurispredencia do Castro de San Cristobo (hoxe en día Vista Alegre)²⁵, en troques do aforamento do territorio no que se edificaba o lugar de Vilagarcía. Pero a presión clerical seguiu exercendo e así no testamento de don García Caamaño o territorio voltou á inicial posesión arcebispal. Máis tarde Felipe II, con autorización pontificia, mandou desmembrar a vila da xurisdicción da dignidade arcebispal de Santiago e incorporala á Coroa. O último tránsito que documenta o autor é a venda que lle fai a autoridade rexia a don Rodrigo de Soutomaioir.

Despois desta noticia histórica o autor cifra os monumentos perviventes da época da fundación da vila, afirma que ata hai poucos anos aínda se podían observar os vestixios das paredes da morada feudal e salienta o feito de que sobrevivise ás revoltas populares da Idade Media.

Pero tal vez o máis significativo do artigo, polo que revela das coordenadas ideolóxicas de Valle Bermúdez vén ó final do texto. Non desaproveita a ocasión para arremeter duramente contra

o sistema político local, en particular, e o nacional, en xeral. Do primeiro critica o escaso senso co que se leva a cabo a planificación urbanística e do segundo sinala o caciquismo como o grande impedimento para o desenvolvemento de Galicia²⁶.

De menor importancia é o segundo artigo da *Ilustración Gallega y Asturiana*²⁷ pois non é propiamente un artigo de don Ramón del Valle Bermúdez senón que as liñas deste xornal fan a reseña dun escrito de don Ramón aparecido en *La Voz de Arosa* e que relataba os descubrimentos arqueolóxicos acaecidos en Paradela e Baión. Basicamente estes achazgos reducíanse a utensilios —machadas máis en concreo— da Idade de Bronce. O autor da reseña dá noticia tamén de outros achazgos

²⁶ Ramón del Valle Bermúdez está apuntando ó mal que azotou a vida política da España do século XIX pero en especial á época da Restauración borbónica que, período que se inicia no 1874 e que aínda pervivía neste ano de 1880. O sistema bipartidista de alternancia entre conservadores e liberais favorecía a implantación do caciquismo e o amaño das eleccións nas provincias (cfr. *Historia política y social Moderna y Contemporánea*, Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Tomo II, 1994). Atópase un magnífico documento desta época na obra de doña Emilia Pardo Bazán, *Los pazos de Ulloa*, Madrid, Castalia, 1990).


É comprensible a incomodidade de don Ramón co vixente sistema político pois durante o Sexenio Revolucionario (1868-1874) foi vocal do Comité Republicano de Vilagarcía de Arousa, constituído en 1873 logo da Primeira República. Faise eco deste dato Xaquín del Valle-Inclán Alsina, op. cit., p. 13)

²⁷ Aínda que Valle-Inclán Alsina (op. cit., p. 17) dá como título do artigo “Hallazgos arqueológicos en Paradela, Bayón y El Grove” o certo é que no encabezamento da reseña non se estipula ningún título; é máis, vai incluído nunha sección do xornal onde se resumían as distintas noticias publicadas no resto da prensa. A referencia completa do artigo é *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, Tomo III, nº 29, 18-X-1881, p. 348.

²⁵ William Smither (*El mundo gallego de Valle-Inclán*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1984, p. 106) afirma que Valle-Inclán se está a referir a esta construción cando na súa obra aparece “Por la puerta del Deán, que aún quedaba en pie de la antigua muralla”, *Flor de Santidad en Obras Escogidas*, Madrid, Aguilar, 1971, tomo I, p. 349 e Los Cruzados de la Causa, Ibid., tomo II, p. 170)

arqueolóxicos no Grove, aínda que non di cales, a cargo de R. Thompson e Antonio López Ferreiro.

O seguinte texto de creación poética é o titulado “Ante la tumba de Méndez Núñez” e como o seu propio título indica foi unha composición poética recitada ante a tumba do insigne mariño pola comisión organizadora dos Xogos Florais de Pontevedra en 1884²⁸ e que reproduce o xornal pontevedrés *El Anunciador*²⁹. O poema, ó igual que o anterior, vai encabezado por unha cita—neste caso son uns versos de Espronceda—³⁰ e está composto de estrofas de catro versos con rima AbAB sendo os versos de arte maior endecasílabos e o de arte menor heptasílabo³¹. É unha



Pontevedra na segunda metade do século XIX.

alexía onde o autor chora a morte do protagonista pero ó mesmo tempo louva as súas principais virtudes: o patriotismo e a valentía. Ó longo do poema tamén fai mención das súas fazañas no Pacífico e en concreto da que tivo lugar en Perú³².

A nivel formal as imaxes de escuridade e frialdade coas que se caracteriza a morte contrapóñense á luminosidade das súas fazañas: “sepulcro frío”, “sombra venerada”, “helada tumba” fronte a “el esplendor de su glorioso nombre”, “el destello inmortal de su memoria” y “los rayos de la luz febea iluminan los lampos de su gloria”³³.

“Ante la tumba de Méndez Núñez” supón a derradeira creación literaria

²⁸ Cfr. Xaquín del Valle-Inclán Alsina, op. cit., p. 16. En 1883 os restos mortais de Méndez Núñez foron a ocupar un lugar no Panteón de Marinos Ilustres na cidade de San Fernando (Cádiz), polo tanto alí debeu ser onde se recitou o poema.

²⁹ *El Anunciador*, Pontevedra, 18-VIII-1884

³⁰ Os versos de Espronceda pertencen á penúltima estrofa da súa composición poética “A la patria”, poema que está composto dunha temática moi similar á do texto de don Ramón. (cfr. *Antología poética*, José de Espronceda, Madrid, Clásicos Taurus, 1991, p. 100).

³¹ Esta composición métrica pode ser un exemplo de “cuarteto lira” tendo en conta a clasificación que fai José Domínguez Caparrós en *Métrica Española*, Madrid, Editorial Síntesis, 1993. Malia que Domínguez Caparrós estriba a estrutura do “cuarteto lira” nunha estrofa de catro versos con rima ABBA ou ABAB con dous endecasílabos e dous heptasílabos, o feito de que poña como exemplo desta construción precisamente os versos de “A la patria” de Espronceda, fai pensar que Valle Bermúdez ó iniciar o seu poema cos versos

de Espronceda quixo adoptar esa construción métrica pero con algunha variante que creía máis oportuna para o caso.

³² Casto Méndez Núñez (Vigo, 1824-1869). O insigne mariño vigués tivo como batalla máis sonada a que aconteceu en augas do Pacífico contra o Perú e Chile entre 1865 e 1866 á fronte da fragata blindada *Numancia* e da que se fai mención neste poema. Cfr. *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974, tomo 21.

³³ Op. cit.

deste conxunto de escritos pois os tres últimos textos son estudos de investigación arqueolóxica e histórica publicados en 1886³⁴ no xornal *Crónica de Pontevedra* e titulados “Tambo”, “Fué un convento” e “El Castillo de Lobeira” respectivamente.

O primeiro documento da triloxía fai referencia á illa de Tambo³⁵ situada na ría de Pontevedra fronte ás costas de Marín. O autor nicia o artigo comparando a súa forma cos monumentos funerarios da antigüidade ós cales sen embargo non parece remitir o seu nome malia á súa similitude fonética.

Aínda que fértil don Ramón advirte que máis que para agricultura a illa parece máis disposta para o descanso en soidade dada a situación privilexiada que ten no conxunto da ría.

Respecto á historia afirma que en principio era unha península cun istmo de area que a unía co que hoxe é Lourido pero o ímpeto do Lérez destruíuno, colaborando deste xeito ó seu illamento. No século VI Alberto Arcebispo de Braga, fuxindo da persecución dos seguidores da doutrina de Arrio, instalouse na illa e ergueu un templo dedicado a San Miguel que precedeu á aparición do Arcanxo alí mesmo. Este milagroso feito motivou a devoción dos habitantes dos contornos da illa durante a antigüidade.

³⁴ Parte das cartas de Valle Bermúdez a Murguía son deste mesmo ano e fan referencia ós encargos de investigación arqueolóxica que Murguía lle facía ó seu amigo para a *Historia de Galicia*. É probable que froito destes esforzos investigadores saísen estas tres publicacións.

³⁵ “Tambo”, *Crónica de Pontevedra*, ano I, nº2, 3-V-1886.

Non está exenta a historia da illa como calquera fundación piadosa da súa particular lenda. Diciase que durante as xornadas de devoción o mar baixaba dúas veces para permitir o acceso dos devotos. Nunha ocasión, cando os fervorosos veneradores do templo voltaban para o continente viron como a marea subía de súpeto e os encontraba no medio do camiño. Non obstante conseguiron acadar terra firma agás unha muller embarazada que no intre en que era cuberta pola auga deu a luz, só a intermediación do Arcanxo fixo que milagrosamente aparecesen tanto ela como o seu novo vástago sans e salvos en terra ó outro lado da illa.

Dá remate ó artigo establecendo o final, tanto do santuario como da súa devoción, nas invasións normandas que azoutaron o noroeste peninsular³⁶

“Fué un convento”³⁷ encabézase cunha cita de Arolas³⁸ e relata a historia dunhas ruínas compostas dunha torre gótica despoxada de campás e na que se destacaba unha cruz. Estes restos podíanse ver chegando desde o mar á praia da Pobra do Caramiñal pois estaban ubicadas ó pé da praia. Correspondían tales ruínas ó convento de franciscanos de San Antonio da Pobra.

³⁶ As invasións normandas prodúcense por primeira vez en España no ano 843. Chegan ás costas cantábricas onde son expulsados, por tal motivo desplázanse cara ó oeste chegando á Coruña en 1844. Cfr. *Enciclopedia Gallega*, op. cit., tomo II, p. 218.

³⁷ *Crónica de Pontevedra*, Pontevedra, ano I, nº 48, 28-VI-1886.

³⁸ Estase a referir ó poeta Juan Arolas y Aris (Barcelona 1805-Valencia 1849). Cultivou a poesía romántica cunha forte influencia do francés Chateaubriand. Cfr. *Gran Enciclopedia de España*, Javier Arbués Villa (dir.), Zaragoza, 1991, tomo II, p. 982.


Don Ramón declara que no 1886 xa non queda ningún vestixio da construción e inserta a historia do convento. Esta remóntase á súa fundación por don Arias Pérez de Goyanes que o mandou construír para maior comodidade dos frades dun ermitorio con advocación de San Xoán Evanxelista e coa perseverancia do nobre e as posteriores esmolos dos fieis foi rematado en 1474 e reformado no século XVII.

Pero o que ocupa a meirande parte do artigo non é a historia do edificio senón unha anécdota acaecida nel en 1598. Estriba este acontecemento na chegada dun xove pelegrín que pide asilo que lle é concedido polos monxes, mais o agrado do xove fai que esta provisional estancia deixe de selo pois pasa a formar parte do servicio do mosteiro.

Non tería nada de estrano o feito se non fose porque o tal xove non era senón unha moza disfrazada con roupas masculinas. O móbil da moza, como se desprende de posteriores confesións, non foi outro que a vontade dos pais de querela desposar, tendo ela feito os votos de castidade. Esta decisión contra o seu desexo provocou a súa fuxida cara a Compostela, primeiro, e a Pobra despois.

Alí pasou varios meses xa que unha vez descuberto o engano aínda permaneceu un tempo no mosteiro do Caramiñal ata que foi trasladada ó convento feminino de Santa Clara en Pontevedra onde co tempo sería abadesa.

Finalizada a anécdota, o autor completa a historia do edificio e afirma que a barbarie dos antigos veneradores



Reconstrucción ideal do castelo de Lobeira no concello de Vilanova de Arousa.

destruíuna cunha enorme rapidez unha vez exclaustrada a comunidade. Malia que se lle atribuíu a esta destrución unha causa política, don Ramón sinala como a principal responsable “la brutal ignorancia de quienes nada tenían de políticos”³⁹.

A última colaboración “El castillo de Lobeira”⁴⁰ está iniciada cunha nota erudita do sevillano Rodrigo Caro pertencente á súa obra *A las ruinas de Itálica*⁴¹. A estrutura vólvese a repetir: inicia dando noticia dos restos da ruína. Estes reducíanse á torre do antigo castro Lupário que daba unha idea da antiga fortaleza do mesmo. E como non podía ser doutro xeito inserta a historia do castelo que el divide en dúas partes, a primeira sae o 23 de agosto mentres que a segunda o 25 do mesmo mes. Comeza afirmando que é difícil establecer a historia deste castelo pero que a súa construción non puido ser posterior á dominación romana. Na Idade Media foi a residencia predilecta da raíña dona Urraca en Galicia e posteriormente foi ocupada polo nobre galego Pedro Arias. Máis tarde tivo ocupación, unha vez máis, da raíña que deu lugar a unha alternancia no seu domi-

nio entre o poder real, feudal e eclesiástico.

A segunda parte comeza no punto onde se detivera na antevíspera; é dicir, co dominio do castelo por parte do Mariscal Suero Gómez de Soutomaior pero as revoltas a propósito da posesión continúan e este nobre e o seu fillo serán aprisionados no propio castelo e tratados con crueldade por homes do prelado que querían recuperalo para o arcebispo. Liberado despois de tres anos polas turbas populares, o Mariscal toma cumprida vinganza contra o arcebispo retendo á irmá deste, dona Ildaura⁴² de Fonseca, quen será rescatada por Iban de Soutomaior, o fillo do Mariscal rompendo por amor os desígnios guerreiros do pai.

A parte terceira pecha a estrutura deste artigo e ó igual que no anterior dá como a causa da defunción das ruínas á barbarie humana.

Mais non sería aconsellable terminar o comentario deste último texto sen advertir que este mesmo título foi utilizado polo seu fillo Ramón del Valle-Inclán para unha das “Cartas galicianas”, a terceira aínda que el lle dá o número IV⁴³. Con toda certeza don Ramón coñecía o escrito do seu proxenitor debido á escasa marxe temporal

³⁹ Op. cit.

⁴⁰ Referencias a estas investigacións áchanse nas cartas 1 e 5 de *Cartas eruditas e literarias...*, op. cit., pp. 37-65. A referencia do artigo é “El Castillo de Lobeira”, *Crónica de Pontevedra*, ano I, nº 93, 23-VIII-1886 e ano I, nº 95, 25-VIII-1886.

⁴¹ Rodrigo Caro (1573-1647) foi un sacerdote, poeta e erudito sevillano. A obra que aquí se cita *A las ruinas de Itálica*, en realidade titúlase *Canción a las ruinas de Itálica* e foi un libro composto baixo a impresión que lle causaron ó autor os restos da antiga cidade de descanso das tropas romanas xunto a Sevilla. Cfr. *Gran Enciclopedia de España*, op. cit., Tomo V, p.1 238.

⁴² É preciso lembrar que “Ildaura” é título do poema manuscrito que aparece no Catálogo da Universidade, op. cit., p. 38.

⁴³ “Cartas galicianas IV. Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira”, *El Globo*, Madrid, 4 de noviembre de 1891. Reproducen este texto William Fichter, *Publicaciones periodísticas de don Ramón del Valle-Inclán* anteriores a 1895, México, El Colegio de México, 1952, pp. 76-80 e Javier Serrano Alonso, *Artículos completos y otras páginas olvidadas*, Madrid, Ediciones Istmo, “Bella Bellatrix”, 1987, pp. 128-131.

que sucede entre o primeiro artigo e o segundo, cinco anos, e ás concomitancias que ambos presentan. O subtítulo (“Por la tierra saliniense”) xa fai referencia ó inicio do artigo de Ramón del Valle Bermúdez (“Dominando la tierra Saliniense”⁴⁴). Tamén inserta o autor de Luces de bohemia parte da historia que contara o seu pai relativa ó castelo. Pero onde a sintonía se fai máis patente é cando Valle-Inclán recolle o simbolismo que establecera Valle Bermúdez respecto ó feito de que as casas dos campesiños se fixesen coas pedras do antigo coloso:

Los muros fueron poco á poco demolidas (sic) y los sillares arrojados desde lo alto á la llanura y trasportados á las aldeas inmediatas, forman hoy parte de las modernas construcciones. Los descendientes de los antiguos siervos levantando sus rústicas viviendas con los restos de la soberbia morada feudal de los altivos opresores de la comarca, han dado testimonio de lo que hay de vano y perecedero en las humanas grandezas.

*¿Habrá en esto algo de providencial?*⁴⁵

Valle-Inclán recolle a mensaxe do relato de 1886 e termina o artigo cunha pregunta que lembra a do seu proxenitor:

Habíamos llegado a la aldea y la moza entró en una casuca miserable, cuyas paredes cuarteadas estaban construídas con sillares del castillo.

*¿Sabrían aquellos rústicos descendientes de los siervos de la gleba que realizaban una venganza?*⁴⁶

Esta última colaboración xornalística termina o elenco de publicacións de don Ramón del Valle Bermúdez e con el este traballo que non pretendía ser máis, nin menos por suposto, que un sucinto percorrido pola produción literaria e histórica do polígrafo arousán. Non obstante a complexidade dos artigos aquí reseñados emplaza a posteriores traballos onde se anoten⁴⁷ e comenten máis detalladamente estes textos, empresa que se posón para sucesivos cometidos pois a angostura de tempo e espacio actuais non aconsellaban a realización de tal propósito.

⁴⁴ Crónica, op. cit.

⁴⁵ Ibid.

⁴⁶ William Fichter, op. cit., pp. 79-80.

⁴⁷ Polas razóns apuntadas e por non abultar o texto con numerosos escolios non se anotaron os personaxes e as referencias históricas ás que alude don Ramón del Valle Bermúdez nos artigos.



